



CONCELLO DE CHANTADA

EXPEDIENTE: 313/2021

OBXECTO: MODIFICACIÓN DO ANEXO DE SUBVENCIONS E BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DO CONCELLO DE CHANTADA PARA O EXERCICIO 2021.

Dona María Yebra-Pimentel López, Funcionaria de Administración Local con Habilitación de Carácter Nacional, que desempeña o posto de Intervención do Concello de Chantada, en cumprimento das obrigas establecidas no artigo 4 do RD 128/2018, de 16 de marzo, polo que se establece o Réxime Xurídico dos Funcionarios de Administración Local con Habilitación de Carácter Nacional e na función de control financeiro permanente establecido no RD 424/2017, de 28 de abril, polo que se establece o Réxime Xurídico de Control Interno das Entidades do Sector Público Local emite o seguinte

INFORME

ANTECEDENTES DE FEITO

Fundamentalmente, obra no expediente a seguinte documentación:

- Expediente número 1029/2020, correspondente á aprobación do orzamento do Concello de Chantada para o exercicio 2021.
- Expediente 334/2021, de transferencia de crédito.
- Proposta de Alcaldía de modificación do anexo de subvencións e bases de execución do orzamento do Concello de Chantada.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- RD Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- RD 500/1190, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I da LRFL (RD 500).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- RD Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en Materia de Réxime Local (TRRL).
- LO 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira. (LOEPSF).
- RD 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 2/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria para a súa aplicación as Entidades Locais.
- Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.
- Lei 27/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

CONCELLO DE CHANTADA

Plaza de España, N° 1, Chantada. 27500 (Lugo). Tfno. 982440011. Fax: 982462102



Cod. Validación: AR339L29JA4H93277DFY55 | Corrección: https://chantada.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 3



CONCELLO DE CHANTADA

- Acordo do Consello de Ministros de 6 de outubro de 2020 de suspensión das regras fiscais para o exercicio 2020 e 2021, aprobado polo Congreso en data 20 de outubro de 2020.
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencions.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- O artigo 22.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións sinala que poderán concederse de forma directa as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos xerais do Estado, das Comunidades Autónomas e das Corporacións Locais, nos termos recollidos nos convenios e na normativa reguladora de ditas subvencións. A estos efectos, entenderáse por subvención prevista nominativamente nos orzamentos aquela que cando menos a súa dotación orzamentaria e o beneficiario aparezan determinados no estado de gastos do presuposto. O obxecto desta subvencións deberá quedar determinado expresamente no correspondente convenio de colaboración ou resolución de concesión que, en todo caso, deberá ser congruente coa clasificación funcional e económica do correspondente crédito orzamentario. Asimesmo, o artigo do RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, sinala que a efectos do disposto no artigo 22.2a da LXS, son subvencións previstas nominativamente nos orzamentos xerais do Estado, das Comunidades Autónomas ou das Entidades Locais, aquelas cuxo obxecto, dotación orzamentaria e beneficiario aparecen expresamente determinados no estado de gastos do orzamento.

Dacordo co anterior, as subvencións nominativas deben aparecer no estado de gastos do orzamento da entidade, detallando o obxecto, a dotación e o beneficiario das mesmas. A tal efecto, un dos anexos ao orzamento refírese ás subvencións nominativas.

Segundo.- O procedemento para a modificación do orzamento será o previsto para a elaboración do orzamento.

Terceiro.- A presente modificación non afecta á estabilidade orzamentaria.

CONCLUSIÓN

Primeira.- Existe crédito orzamentario axeitado e suficiente para a modificación do Anexo de Subvencións e das Bases de Execución do Orzamento de conformidade co sinalado na proposta de Alcaldía, pois previamente tense tramitado o expediente 334/2021, de transferencia de crédito, competencia de Alcaldía.

CONCELLO DE CHANTADA

Plaza de España, N° 1, Chantada. 27500 (Lugo). Tfno. 982440011. Fax: 982462102



Cod. Validación: AR339L29JA4H93277DTFY55 | Corrección: https://chantada.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 3



CONCELLO DE CHANTADA

Segunda.- A modificación do anexo de subvencións e das bases de execución do orzamento seguirá as formalidades previstas para a aprobación do orzamento.

Terceira.- A presente modificación non afecta ao cumprimento das regras fiscais.

Chantada, na data da sinatura dixital

A Interventora

María Yebra-Pimentel López

CONCELLO DE CHANTADA

Plaza de España, N° 1, Chantada. 27500 (Lugo). Tfno. 982440011. Fax: 982462102



Cod. Validación: AR339L29JA4H93277DTFY55 | Corrección: <https://chantada.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 3